

Unha dedicatoria de Ramón Pérez Costales a Emilia Pardo Bazán

Fernanda Leirós Fernández
(BIBLIOTECA DA REAL ACADEMIA GALEGA)
biblioteca@realacademiagalega.org

(recibido novembro/2011, revisado decembro/2011)

RESUMEN: Neste artigo a autora intenta amosar, a través do testimonio dunha dedicatoria, como se achegan dúas persoas e os seus mundos.

PALABRAS CLAVE: dedicatoria manuscrita, A Coruña, Emilia Pardo Bazán, Ramón Pérez Costales.

ABSTRACT: In this article, the author tries to show how, through a dedication, come into contact two people and their worlds.

KEY WORDS: dedication, A Coruña, Emilia Pardo Bazán, Ramón Pérez Costales.

No conxunto das obras que conforman a biblioteca de Emilia Pardo Bazán na Real Academia Galega non é estraño atoparse con dedicatorias autógrafas dirixidas á Condessa.

Agora ben, a maior parte das atopadas ata o momento, adoitan cingirse a fórmulas típicas de cortesía nas que se fai fincapé no motivo da dedicatoria e o querida e estimada que é a persoa a quen vai dirixida¹. Porén, ás veces, aparece algunha que rompe esa liña de formalidade e que nos achega un pouco máis ás persoas que a protagonizan e ao mundo no que viviron.

Para nós, tal é o caso da dedicatoria que Ramón Pérez Costales dirixe, na obra da súa autoría *La cocina económica*², a Emilia Pardo Bazán.

A la distinguida amiga, D.^a Emilia Pardo Bazán, la Teresa de Jesus moderna, discipula de Zola; carlista [que] deshizo el carlismo; neo-catolica libre-pensadora; buena hablista, escelente critica, novelista fecunda, [monstruo] de talento, memoria colosal, corazon de gigante, (que sabe echarse lo á la espalda), fea-hermosa, síntesis de todo lo varonil y de todo lo femenino, grande hasta en lo nimio, y futil hasta en lo grande, antítesis de carne y hueso, y misterio fisiológico hasta para su medico. Ramon P. Costales³.

¹ Un exemplo deste tipo de dedicatorias, ademais protagonizada polas mesmas persoas que a dedicatoria que nos ocupa, atopámola na obra *Perucho*, exposta na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, coa signatura 23133. O texto da mesma é: “A la autora del prólogo en prenda de amistad y gratitud El Autor”.

² Dita obra ten, na biblioteca da Real Academia Galega, a signatura F-13708. A dedicatoria atópase na páxina [4].

³ Na transcripción do texto da dedicatoria mantemos a ortografía da autora. Aparecen entre corchetes aquelas palabras de cuxa lectura non estamos completamente seguros.

Foi don Ramón Pérez Costales, segundo recolle a obra *Parlamentarios*, “un deses persoeiros que se instalaron na paisaxe da cidade herculina de fins do século pasado, e sen os cales esta cidade non se pode entender... Republicano, masón, anticlerical...”.

Aínda que naceu en Oviedo (1832), e foi alí onde iniciou os seus estudos de medicina, será en Santiago de Compostela, despois de trasladarse á Coruña acompañando ao seu pai, onde rematará a carreira en 1854. Así pois, quedou vinculado a Galicia, e en particular, á cidade da Coruña, onde volverá despois de exercer como médico forense en Talavera de la Reina (Toledo). Inicialmente desempeñará o seu labor na sanidade militar, ámbito no que as súas ideas non encaixaban e do que decidiu saír para, finalmente, adicarse á medicina particular.

Probablemente, seguindo o texto da dedicatoria, foi no exercicio da medicina particular onde Ramón Pérez Costales iniciou o contacto con Emilia Pardo Bazán. Mais, somos conscientes de que a vida dunha persoa non se limita ao desempeño da súa profesión e, no caso de don Ramón, temos probas públicas de que a súa actividade abarcou diversos ámbitos, tales como a política⁴, a literatura⁵ e a vida social na cidade da Coruña⁶. Polo tanto, tendo en conta que tamén a Condesa se movía neses mesmos ámbitos, non nos parece aventurado pensar que, aínda que existisen puntos de vista diferentes, o contexto da medicina propiciou un achegamento no que se profundizou grazas a todos os outros aspectos que conformaban a vida de ambos os dous.

Unha idea que atopa apoio nas palabras que dona Emilia emprega no seu prólogo á obra de Pérez Costales, *Perucho*. Nel, nun tono calificado por ela mesma de “íntimo, huyendo de tiquis miquis de crítica y retórica” (Pérez Costales 1887: XVI), fai un percorrido polos rasgos que caracterizan ao “noso doutor” que non dista moito, en tono e temas tratados (carácter, orientación política, gustos literarios, dotes intelectuais e persoais, etc.), do que podemos ler na dedicatoria de Pérez Costales; aínda que dun xeito máis extenso, xa que o contexto o permite.

Transcribimos aquí unha pequena selección dalgunhas das pinceladas pardobazanianas sobre don Ramón que, ao noso entender, exemplifican o antedito.

⁴ “Obtivo a representación en Cortes pola Coruña para a lexislatura de 1872 e por Carral para o período entre 1872 e 1873... Durante a Primeira República, Pi i Margall nomeouno ministro de Fomento, pero exerceu o cargo durante un período moi curto, desde o 11 de xuño ó 18 de xullo de 1873, de maneira que non puido acometer ningunha das moitas reformas que tiña *in mente*.” (Barreiro Fernández 2003: 524-525).

⁵ Publicou “diversos folletos propagandísticos a favor da República, como ‘La verdad a las aldeas’ (1869)” e unha “vitriólica carta titulada ‘Un Gobernador y un alcalde por dos cuartos’, motivada polo recibimento cívico que o alcalde lle deu ó Rei” (Barreiro Fernández 2003: 524-525). Tamén publicou poesías soltas en periódicos e revistas (*El Herculino*, *El Heraldo Gallego...*) e dous libros de poemas *El señor Juan* (1890) e *Perucho* (1887) (*Gran Enciclopedia Galega* 2003: 217), ademais da obra onde aparece a dedicatoria que nos ocupa.

⁶ “O seu parlamento era a rúa, os salóns das academias e das sociedades coruñesas, nas que nunca faltaba a súa palabra crítica” (Barreiro Fernández 2003: 525).

Otro impedimento pudo estorbarle llegar á ser el médico eminente, sério é inspirado que es, á saber: su afición incontrastable á las luchas políticas. (Pérez Costales 1887: X)

La idea federativa, que no quiero calificar aquí por no darle una desazón al Sr. Costales, jamás tuvo adalid más resuelto, ni más ardiente propagandista; y la República española no poseyó Ministro responsable, más desinteresado y benéfico... (Pérez Costales 1887: XI)


A esta clase de políticos, en quienes el corazón rige á la cabeza, no porque sean tontos, sino porque poseen cierta sensibilidad femenil, les apareja el porvenir toda clase de amarguras, desilusiones, rabietas y pruebas hechas de molde para quebrantar la más robusta fe. (Pérez Costales 1887: XI)

idealista acérrimo en literatura... el Sr. Costales profesa, á lo que se suele llamar naturalismo, una ojeriza que se traduce en muy satíricas y graciosas censuras contra las obras, inficionadas de ese nuevo virus. (Pérez Costales 1887: XIII)

No diálogo que, desde o noso punto de vista, se establece entre dona Emilia e don Ramón, entre o seu prólogo e a dedicatoria, e, sobre todo, na dedicatoria mesma, máis impactante pola súa propia natureza, ponse de manifesto o que, para nós, supón a lectura da mesma: o achegamento, a simpatía entre dúas persoas e dous mundos diferentes (ela carlista, naturalista e muller; el republicano, idealista e home). Parafraseando a don Ramón, unha “antítesis” en si mesma.

BIBLIOGRAFÍA

- Couceiro Freijomil, Antonio (1951-1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos.
- Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* (2003-2006): Lugo, El Progreso-Diario de Pontevedra.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2003), *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2003)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia e Real Academia Galega, 2ª ed. corrixida e aumentada.
- Pérez Costales, Ramón (1887): *Perucho: poema en seis cantos*, prólogo de Emilia Pardo Bazán, La Coruña, Andrés Martínez.
- _____ (1890): *La cocina económica: apropósito dramático en un acto y en verso, puesto en escena por primera vez en el Teatro Principal de la Coruña el día 2 de enero de 1890*, La Coruña, Imprenta y papelería de Puga, 1ª ed.



Cubierta do exemplar de *La Cocina Económica* perencente á biblioteca de Emilia Pardo Bazán (Real Academia Galega).

A la distinguida amiga, D.^a Emilia
 Pardo Bazán, la Teresa de James ma-
 rina, discípula de Zola; Carlísta y
 destino el carlismo; neo-católica
 libre-pensadora; buena hablada, esca-
 lenta crítica, novelista fecunda, su-
 tico de talento, memoria colosal, cose-
 ron de gigantes (que sabe echarlo a la es-
 palda), fecunda humorista, síntesis de todo lo
 varonil y de todo lo femenino, grande
 hasta en lo nimio, y sutil hasta en lo
 grande, antitesia de carne y hueso, y sus-
 terio fisiológico hasta para su médico

Ramón P. Costales

Dedicatoria de Ramon Pérez Costales a Emilia Pardo Bazán no libro *La Cocina Económica* pertencente á biblioteca da escritora (Real Academia Galega).